

17/2019. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 28 DE AGOSTO DE 2019.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as nove horas e catro minutos do día vinte e oito de agosto do ano dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa-presidenta Dna. Maria del Pilar Diaz Otero (que se ausenta da sesión ás 10.00 horas, durante o debate do punto número catro da orde do día), con asistencia das/dos concelleiras/os D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias (que pasa a presidir a sesión ás 10.00 horas, logo de terse ausentado a sra. alcaldesa-presidenta e o primeiro tenente de alcalde durante o debate do punto número catro da orde do día), D. José Ángel Martínez Bardanca (que se ausenta da sesión ás 10.00 horas, durante o debate do punto número catro da orde do día), Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario accidental o funcionario, D. Diego Seijo Alonso, en virtude do nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e de acordo coa comunicación efectuada á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia en data 23.08.2019, ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 894/2019, de 23.08.2019.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS O DÍA 31.07.2019 (15/2019 E 16/2019).

Sra. Alcaldesa: O primeiro punto da orde do día sería a aprobación das actas das sesións anteriores realizadas o día 31.07.2019, dúas actas son, a 15/2019 e a 16/2019. ¿Algo entorno ás actas?. As sometemos a votación entón, votos a favor. Vale.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación ás actas das sesións que de seguido se relacionan:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 31.07.2019 (15/2019).
- Acta da sesión extraordinaria urxente realizada o día 31.07.2019 (16/2019).

2.- FESTAS LOCAIS 2020.

Sra. Alcaldesa: En segundo punto teríamos festas locais 2020. Ven informado da Xunta de Voceiros Local realizada o día 23 de agosto do 2019, e se propoñen como festas locais para o ano 2020 as seguintes: o 7 de xaneiro de 2020 e o 2 de xuño de 2020, Voto de Chanteiro. E

propoñer como suplente o 16 de xullo de 2020. ¿Algo entorno a este tema?. O sometemos a votación entón, votos a favor.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Xunta de Voceiros realizada en data 21.08.2019, por unanimidade, acorda:

1º.- Propoñer como festas locais para o ano 2020 os seguintes:

- 7 de xaneiro de 2020
- 2 de xuño de 2020, Voto de Chanteiro.

2º.- Propoñer como suplente o seguinte:

- 16 de xullo de 2020.

3.- MOCIÓN DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA O USO DO CINE ZÁRATE.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular para o uso do Cine Zárate, e o Concello Pleno, por 5 votos a favor (5 PP) e 8 votos en contra (4 EU-SON-EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG), acorda rexeitar a devandita moción.

DELIBERACIÓN

Sra. Alcaldesa: O terceiro punto da orde do día sería moción do portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular para o uso do Cine Zárate. ¿Quen actua de poñente?. Juan Domingo, tes a palabra.

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) Bueno, bos días. Bueno, o Partido Popular xa presentara o mes pasado estas dúas mocións, e por algún motivo estraño non se presentaron, e en todo caso imos a presentalas hoxe. A moción é moi sinxela, é relativa aos usos que vai... que podería ter o Cine Zárate, usos que entendemos debe decidir este Pleno e non un goberno de xeito unilateral, como fixo o goberno de Esquerda Unida, en canto a que... bueno, pois a dispoñibilidade dun local e un edificio desta magnitude, coas repercusións que poida ter para o seu uso no futuro, entendemos que ten que ser un acordo adoptado por unha maioría significativa deste Pleno. Polo tanto iso é o que traemos hoxe aquí a decidir, en vista das... das posicións que adoptou no seu momento cada un dos grupos políticos, tanto en... ao longo das súas posicións ao longo da campaña electoral e dos programas que presentaron, de... pois dotar de... entre varias cuestións pois ao auditorio e... o Cine Zárate coma un Auditorio Municipal. Esa é a cuestión fundamental da moción de hoxe, e polo tanto non hipotecar outros usos que non teñen un consenso maioritario da corporación e polo tanto e... por iso e.. imos someter ao Concello a varios acordos, o primeiro sería declarar o uso do Cine Zárate como Auditorio Municipal, para que os seus usos sexan dedicados e... xustamente a

iso, a ser un auditorio municipal. O segundo, que se elabore un concurso de ideas co regulamento que determine a comisión informativa pertinente para a transformación do Cine Zárate en Auditorio. E o terceiro, que non se realice ningunha actuación na edificación e nas súas inmediacións sen pasar antes por este Pleno, que debería ser o que tomase esas decisións.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Ben, abrimos un primeiro turno de intervencións. BNG, Gemi.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, hola, bo día a todos e a todas. Imos ver, nós no relativo a esta moción entendemos que efectivamente Mugardos pois ten un déficit de infraestruturas onde poder levar a cabo as actividades e... tanto culturais coma sociais. E entendemos que efectivamente o Cine Zárate, unha vez rehabilitado, pois podería ser unha infraestrutura básica para poder localizar este tipo de actividades. Pero tamén entendemos que no Pleno do mes de abril do ano 2018 aprobouse unha moción cos votos a favor de tódolos grupos municipais que hoxe están aquí representados, que foi presentada polo BNG, e entón nós o que si vamos a pedir hoxe aquí é que dunha vez por todas se cumpran os acordos e... que se toman nos plenos, relativos á moción, e que como digo, o acordo da moción que presentou o BNG naquel momento pois foi aprobada por tódolos grupos aquí representados, Esquerda Unida, Partido Popular e Partido Socialista Obrero Español e BNG e é o que vamos a pedir e a esixir, que se cumpran dunha vez por todas estes acordos e se faga, creo recordar naquel momento, así por enriba, que era a memoria para convertir o edificio do Cine Zárate nun edificio de usos múltiples, buscar a financia... ou sexa, dotar da partida necesaria e buscar a financiación paralela, tanto coa Deputación coma a Xunta de Galicia, e que fora a unha comisión para poder estudar esta... esta infraestrutura, incluso naquel caso creo que as emendas que presentaba Iniciativa Cidadá de Mugardos.

Sra. Alcaldesa: José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca: (que traducido di) Ben, pois un pouco na liña na que comentaba o BNG, nós efectivamente vimos que se produxo unha moción moi similar do BNG o ano pasado, na cal o uso era de... como o uso do edificio era de usos múltiples. Non entendemos que sexa necesario facer unha moción cada certo tempo cambiándolle o uso a edificios, senón que si, que é correcto como se... como se aprobou nesta comisión, que se busque o uso máis axeitado ao edificio, se é usos múltiples pois usos múltiples, se é auditorio é auditorio, si é biblioteca é biblioteca, pero si entendemos que debe de ser através das comisións e através do maior consenso posible dos grupos o que se decida finalmente, sen desdeñar ningunha opción de uso do auditorio, ou sexa, do Cine.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Abrimos un... o relator, primeiro.

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) Bueno, imos a... a centrarnos na cuestión. Imos ver, en primeiro lugar e... é evidente que nós apoiamos a moción do BNG no seu momento porque entendíamos que reunía precisamente o que nós estábamos a defender, e era que o uso que se lle dea a... ao Cine Zárate sexa un uso sociocultural, e en certa medida que tamén reúna que sexa un auditorio pero que é... non deixe de ser tamén un espazo polivalente

no sentido de que pode ser un auditorio e pode albergar outro tipo de actividades. En todo caso a nós, en primeiro lugar, chámamos a atención de que non facer nada e non dar un paso máis neste Pleno implica que e... xa hai un proxecto de biblioteca para ese audito... para ese Cine. E ese proxecto de biblioteca, que mandou o goberno en minoría de Esquerda Unida, está en Patrimonio esperando que Patrimonio lle dea o visto bo. Polo tanto eu creo que o Pleno debe decidir si está disposto a que un goberno en minoría adopte medidas dese tipo, ou se polo contrario cada un dos que estamos aquí representados queremos que o Cine Zárate sexa o que debe de ser, iso é o que ven aquí. Porque de non facer nada aquí Patrimonio responderá nun ou noutro sentido e dámonos coma un feito consumado de que poida ser o que a señora Díaz quere que sexa, e eu négome rotundamente a que alguén que quería tirar o Cine Zárate decida o seu futuro, sinceiramente. E polo tanto a pregunta que é, ¿por que o informe do 8 de maio, que a señora Díaz ocultou para uso electoral, por que temos que estar agora mesmo nestas cuestións?. ¿Onde está o informe que recomenda a biblioteca?, ¿onde está?, porque eu non o vin. Pero aínda así solicitouse unha biblioteca. ¿Por que non se encarga un informe a Patrimonio?, ou ¿por que non se pide un informe aos técnicos municipais?, porque temos dúas técnicas municipais, ou haberá un técnico facendo a substitución. Pero en todo caso pediuse a un arquitecto externo, cun informe externo aos técnicos municipais. Que por certo, dirán vostedes, bueno, pois se podería ter pedido un informe no seu momento... bueno, pois pedimos un informe no seu momento, un informe que eu mesmo pedín sendo Alcalde e que se fixo, que se redacta en Mugar dos o 25 de abril do ano 2016, pola arquitecta municipal, que consideramos que era o axeitado, pedir aos técnicos municipais. Onde nesa memoria, que vostedes puideron probablemente ver, xa pon que non é incompatible un auditorio co Cine Zárate. Polo tanto si unha arquitecta municipal que temos aquí, e que pagamos a nómina relixiosamente, di que pode ser un auditorio non entendo porque pode ser unha biblioteca, sen ningún tipo de informe que obrigue ou que diga que so pode ser biblioteca. Polo tanto, entre unha decisión técnica que adopta unha decisión política, temos polo contrario unha decisión política, do goberno da señora Díaz, que fan de técnicos e de políticos, eles deciden que pode ser unha biblioteca, porque o din eles, e que ademais dino eles porque teñen a minoría suficiente como para chulear ao Pleno e dicir que iso vai a ser unha biblioteca. E de vostedes depende que queiran darlle un uso racional, porque isto si se vai a facer un auditorio aí, será un auditorio que sobrepase probablemente as nosas vidas, afortunadamente, e trascenderá ás xeracións que veñan. E o que non podemos facer aquí é mirar cara outro lado, poñernos de perfil e dicir que o Cine Zárate é un edificio histórico e non vai a facer nada por el, ou que poida ser o que queira ser. Nalgún momento, antes de que caia o edificio, que ao final é o que parece que se quere facer, evitar facer nada aí nel para que se derrube dunha vez e se convirta na praza que levaba a señora Pilar Díaz no seu programa electoral, isto é o que imos a intentar que entre todos non aconteza. E polo tanto eu son o primeiro que quere que o Cine Zárate sexa o que ten que ser, un auditorio para un pobo como Mugar dos que merece ter un auditorio.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Bueno, antes de pasar ao segundo turno e... eu coincido co voceiro do Partido Popular, que Mugar dos merécese un auditorio, un auditorio, exactamente. Mugar dos merécese un auditorio. E a partir de aí, non é que sexa inviable urbanisticamente o auditorio no Cine Zárate, así o reflicte ademais o informe que vostede di. Di que é viable urbanisticamente, agora, o desaconséxa dende o punto de vista técnico e

funcional. E... ¿por que?. Bueno, eu creo que todos sabemos que desde ese informe-valoración que fixo a arquitecta municipal cando vostede estaba de Alcalde moitas cousas cambiaron, entre outras cousas porque unha denuncia do Partido Popular fixo que Patrimonio o catalogase, é máis, no seu principio catalogou incluso os quisquiños. Tamén me gustaría recordar que o proxecto aprobado na súa época non contou coa autorización de Patrimonio, non saíu destas catro paredes, e foi decidido de xeito unilateral polo seu goberno, tamén en minoría, exercendo as súas capacidades, obviamente, as súas capacidades legais de goberno deste Concello cando exerceu de Alcalde, e o seu grupo municipal de goberno. E en segundo lugar, ese proxecto tivo que ser reformado, supoño que se lembrará, porque contemplaba inicialmente dotalo dunha cuberta, que despois na execución da obra amosouse que era inviable pola oxidación das cerchas, e entón quedou completamente ao descuberto. O Concello de Mugaros nunca tivo na corporación anterior un proxecto de demolición, vostedes baseáronse para facer a denuncia en Patrimonio nunha declaración que fixera a Alcaldesa na que dicía o que di Esquerda Unida e o que dixó dende o principio, que consideraba que era moito máis rendible económica e socialmente para o Concello de Mugaros facer unha demolición dese edificio, non puido ser así, porque eu creo que o Partido Popular ten un especial afán, non en que se caia o Cine Zárate, senón en que se rexenere a zona urbana de Mugaros, e de feito vostede facía unha referencia agora que a memoria, que non proxecto, a memoria de biblioteca está en Patrimonio, e creo que son bos coñecedores de que está en Patrimonio, repito, creo que son bos coñecedores de que está en Patrimonio, porque é unha memoria que se mandou a finais de febreiro, e é verdade que Patrimonio ten bastante retraso nos expedientes, pero ultimamente axilizara bastante, e incluso en dous ou tres meses os veciños teñen unha resposta á súas peticións; curiosamente o Concello de Mugaros, a esa memoria presentada a finais de febreiro, non obtivo resposta, pero estou convencida de que o fará nunhas semanas. E tamén estou convencida polas súas palabras de que será favorable con pequenos matices... se poderían... por favor... o digo porque eu tamén estiven calada... e entón seguro que será favorable, con algúns matices, porque seguro que vostedes tamén o saben e seguro que saben máis ademais das xestións de Patrimonio sobre o entorno do Cine Zárate e as actuacións que deben de pasar por Patrimonio ou non, a varanda, que foi autorizada por Patrimonio, e outras actuacións que se fixeron no Cine Zárate, que non eran necesarias segundo os técnicos municipais, contar coa autorización de Patrimonio; pero diso tamén saben vostedes, porque cando se fala de electoralismo e... ao mellor falamos de partidismo, e non é que a señora Díaz empregue unha memoria coas súas capacidades de goberno daquela corporación, é que realmente nós estamos preocupados polas xestións do Partido Popular diante doutras entidades e organismos, porque ao mellor tamén lles debería de explicar esas xestións do Partido Popular diante doutras entidades e organismos que poden prexudicar seriamente a calidade de vida dos veciños de Mugaros. Dito todo isto, a memoria presentouse nunha... nunha comisión informativa, esperaremos o... o informe de Patrimonio, que como digo, e déixase entrever da súa declaración, seguro que vai a ser favorable, con matices, esperamos que poida chegar pronto para que poida ser levado a comisión, e creo que o sabe todo o mundo, incluídos os asesores legais, que todo investimento que supere o 10% ten que ser aprobada en Pleno. E se a memoria segue con esas contías, obviamente a competencia correspóndelle ao Pleno e non a este goberno nin ao goberno anterior. Supoño que os seus asesores legais tamén os informarian. Polo tanto, prodúcenos moita sorpresa, salvo que queiran buscar un rédito político, que unha vez tras

outra se siga traendo este asunto, co único obxectivo político partidista que nada beneficia ao conxunto dos cidadáns de Mugar dos, de querer torpedear a rexeneración do centro urbano de Mugar dos, porque podemos lembrar tamén cal foi a súa posición entorno á compra de terreos para que se puidese ir rexenerando todo o centro urbano e tamén o entorno do Cine Zár ate ou o propio proxecto do Cine Zár ate en canto á consolidación dese edificio que polo tanto non vai a caer, tra-las obras de consolidación aprobadas por Patrimonio, co asesoramento de Patrimonio. E despois, con respecto á moción de marzo, e se lemos non só os acordos e lemos tamén as intervencións, como se dixo anteriormente, o uso queda aberto, pero para determinar o uso hai que ter os documentos encima da mesa, e polo tanto ver tódalas posibilidades para que poida decidir, pero en todo caso, xa digo, a última decisión corresponde ao Pleno, o que fixo este goberno, ou o anterior goberno, en minoría, foi axilizar os procedementos de tramitación e autorizacións de Patrimonio para que esta corporación poida decidir con todo encima da mesa. De tódolos xeitos, ao informe que vostede se refire, da arquitecta municipal do ano 2016, creo que se debería de explicar, porque pasa desde ludoteca, o magosto e os carnavais, e a ese auditorio si que non aspira Esquerda Unida para Mugar dos, aspira a un auditorio, e tamén aspiramos a que Mugar dos teña unha biblioteca, unha biblioteca do século XXI, unha biblioteca que na medida dos posibles cumpra cos estándares da Xunta de Galicia, no diagnóstico que fai das bibliotecas, e que ao mesmo tempo esta memoria reflicta nas necesidades da biblioteca un informe tamén técnico feito por unha funcionaria municipal. Dito isto abrimos ese segundo turno. Gemi.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, nós e... entendo que o Partido Popular busque un posicionamento no Pleno de tódolos grupos municipais para ver que é o que vai a ocorrer co Cine Zár ate, pero tamén entendo que este posicionamento xa se levou a cabo na lexislatura pasada, como digo, coa presentación no mes de abril dunha moción que presentou o BNG e que foi aprobada por tódolos grupos municipais que hoxe teñen representación nesta corporación municipal. Tamén entendo que non se levaron a cabo estes acordos entón tampouco sei que lle fai pensar ao Partido Popular que de aprobarse aquí agora se foran levar a cabo, supoño que estaríamos no mesmo caso. E en canto a... cando se fala de que había unha proposta de derrubamento, o certo é que cando nós estábamos no goberno non se contemplou en ningún momento, é certo que a Alcaldesa pode que nalgúnha comisión dixera que a súa intención era derrubalo, pero bueno, isto tamén llo podíamos aplicar ao Partido Popular, porque creo que no debate da... do Estado do Municipio de 2014, as palabras textuais do voceiro do Partido Popular Juan Domingo de Deus eran, *“poderíamos falar longo e tendido doutras cuestións, sobre o Cine Zár ate, sobre outras cuestións que eu creo que terían que ser debatidas polo ben e polo futuro de Mugar dos. Dende logo a estas alturas só cabe tirar esa entulleira que se chama Cine Zár ate e mirar que no futuro se poida facer algo proveitoso para Mugar dos”*. Por sorte eu creo que ás veces pénsanse as cousas e dícese, e despois se recapacita, e entón decídese que igual o mellor non é tiralo; pero isto é aplicable tanto para o Partido Popular, como para Esquerda Unida, como para tódolos grupos municipais que estamos representados nesta corporación.

Sra. Alcaldesa: Juan Domingo.

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) Ben, vou a comezar polo final, porque é máis sinxelo. En primeiro lugar, é verdade que no 2014... a ironía que se recolle nas actas non recolle o espírito e o contexto. Tamén é verdade, que un aprende en función de... do que vai aprendendo neste Concello de que a ironía non se recolle nas actas. Pero fíxose dentro dun contexto de ironía ante unha intervención do ser Alcalde, por aquel entón do BNG, e... no seu momento. Está ven que o recollan vostedes así, pero o espírito do debate, se o len completo, non era ese. En todo caso... ben, mire, fixo referencia a señora Díaz a varias cuestións, a primeira era que o goberno do Partido Popular no seu día fixo unhas actuacións no Cine Zárate, parece que vulnerando a norma vixente. Mire, voulle a dicir unha cousa, debería de sabelo vostede cos anos que leva aquí, a Lei do Solo prevé actuacións excepcionais en casos de urxencia. As tabliñas... as tabliñas... as chapas metálicas que estaban no tellado do Cine Zárate non só eran un perigo, é que eran absolutamente... imos, e... eu non quixera ser o responsable, de feito, non o quixen ser, de que un día de temporal unha desas tabliñas que estaban bamboleándose aí nese tal, segara a vida dalgún transeunte inocente que non ten a culpa de nada. Iso era un perigo, visto polos técnicos municipais, absolutamente por todos e por calquera que puidese ver o que había aí. Polo tanto non foi unha medida unilateral, senón que foi unha medida responsable, que debería de ter feito calquera dos alcaldes que estiveron antes que eu. En todo caso eu dediqueime, como a Lei do Solo prevé para situacións de emerxencia, que ante un perigo inminente se poida actuar, e eu o fixen en función dese tema, por certo, a parte de atrás estaba en perigo de caída inminente, segundo a técnica municipal, e polo tanto eu actuei coa responsabilidade. Porque como vostede di, Patrimonio ten moito traballo e demora moito as decisións, polo tanto non podía prever que me esperase un mes a que acontecese unha morte ou un accidente dalguén. Polo tanto, por responsabilidade, actuei. Por outra cuestión, aquí se está a defender que vostedes en ningún momento tiñan intención de demoler o Cine Zárte, non obstante está na páxina web o protocolo... chamada “Protocolo de demolición do Cine Zárte”, datado no 18 de xaneiro do ano 2017. Ese proxecto pon... ese é o título, señor do BNG, estaba vostede no goberno por aquel entón. Protocolo de demolición... ¿era unha intención?. Bueno, unha intención é que eu poida ir hoxe a darlle unha volta pola praia, pero non fago un informe dicindo que vou a ir á praia hoxe pola tarde. Cando un fai un informe para demoler algo, enténdese que quere demoler algo, bueno, tamén é verdade que ás veces fanse informes para facer un mercado, e páganse 17.000, e logo non se fai o mercado ¿eh?, tamén é verdade. Pero en todo caso si había unha intención de demolición, e menos mal que falando vostede dese partidismo, menos mal que reconece aquí que grazas á actuación do Partido Popular iso non é unha pila de entullos, xa chegamos a un punto... home, de recoñecemento de que grazas a nós iso non é unha pila de entullos. Bueno, pois moi ben, en todo caso e... axilizar os trámites... eu non sei cales van a ser as cuestións... vostede atribúeme, a agradézollo un montón, señora Alcaldesa, que me atribúa un poder máis aló do que ten o propio Núñez Feijóo, para tomar as decisións na Xunta de Galicia. Eu podo variar os informes, eu podo tomar decisións respecto a tódolos informes técnicos da Xunta de Galicia, nin teño un poder que o propio Jerjes non tiña no seu momento. Pero non é así señora Díaz, ¿por que?, porque eu traballo doutro xeito, eu deixo traballar aos técnicos non lles digo o que teñen que poñer ¿vale?, vostede si. Por iso, esa é a razón pola que vostede non encarga aos técnicos municipais ese informe, vostede encarga a un que lle paga o traballo que vai a realizar. E se o traballo non é da súa incumbencia non llo paga. Eses son dous modos distintos. Os técnicos municipais están para facer o traballo, e polo tanto a quen procede

pedirle os informes é ao técnico municipal. Sobre todo dun edificio cunha trascendencia como a que ten. Trascendencia que vostedes non sabían que tiña, porque lémbrolles que vostedes querían facer unha caixa dunha biblioteca de tres pisos, xusto ao lado deste edificio, nesa praza na que agora ten vostede o campo de golf da alcaldía. Pois aí quería facer vostede unha caixa, unha caixa de tres pisos para facer unha biblioteca municipal, nesa febre desmesurada por facer algo nun mandato que non fixo vostede nada, e que tiña agotado absolutamente pois e... nin presentado un programa electoral, vostede improvisaba, e nesa improvisación vostede cústalle diñeiro aos mugardeses, porque quería facer vostede unha biblioteca aquí no medio sen informe de ningún tipo, ao lado dun edificio singular, emblemático e ademais cunha protección que non digo eu que tivera a protección, dio Patrimonio. E Patrimonio non di o que eu digo, Patrimonio ao final di o que é razoable, que por outra parte claro que é o que digo eu. Cando distinguan esas cousas pois estaremos moito mellor. En todo caso e... nós non podemos falar de partidismo, porque nós estamos a falar de protexer un ben, nós non estamos gobernando, pero o partidismo sería que non quixesemos facer nada alí. Nós queremos facer un auditorio, xa llo dixemos, e nós imos colaborar en que iso poida ser un auditorio. E o que imos a colaborar é en que haxa un amplo consenso e que non haxa imposicións, porque se vostede dicía que o Pleno era soberano para tomar decisións... lembra cando vostedes me... dicía que o Pleno tiña que tomar as decisións ata de mover un mercadiño ¿eh?. Pois non entendo porque si se pode mover un mercadiño cun acordo plenario, non se pode mover un Cine Zárate e evitar que se caia en entullos ou que sexa o que a señora Díaz quere que sexa. Polo tanto, señora Díaz, vostede sabe perfectamente que nós actuamos con responsabilidade, e o resto de grupos terá que actuar con... estado de miras, non se trata aquí de darlle ao Partido Popular. Nós no seu momento, nese partidismo que nos queren facer, votamos a favor desa moción do BNG, por responsabilidade, porque nós votamos por responsabilidade, non votamos en función de quen fai as ideas nin de quen fai as propostas, votamos as propostas, iso si que non é partidismo, partidismo é votar en función de quen fai as propostas, e como as fai o Partido Popular votamos en contra, xa buscaremos o porqué, pero votamos en contra. Iso si que é partidismo.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Bueno, antes de que peche o relator. Como fixo alusión á excepcionalidade que marca a Lei do Solo, dicirlle que a excepcionalidade de... que marca a Lei do Solo, ten unha tramitación específica, e un prazo e unhas determinadas actuacións que nada teñen que ver co proxecto presentado polo Partido Popular no seu momento, e que rematou o goberno tripartito facendo a propia modificación. A excepcionalidade é para as urxencias, e como vostede dixo, había un perigo de que segase a vida dun transeunte inocente... entón iso ten unhas determinadas actuacións, que non ten absolutamente nada que ver co proxecto de consolidación, actuacións de carácter urxente que non se fixeron en ningún momento. Polo tanto eu creo que sería bo, o Partido Popular fíxoo no seu momento, xa lle dixen que o fixo empregando a súa capacidade legal, ninguén o pon en dúbida, o único que estábamos poñendo de manifesto é que ese proxecto se redactara por decisión do goberno municipal, dentro das súas capacidades legais, sería contratado dentro das súas capacidades legais polo goberno municipal, e que non fora comunicado á Dirección Xeral de Patrimonio, e que non se entendecía que era unha actuación urxente, única e exclusivamente. Iso é o que dixen eu e o que estaba poñendo de manifesto. Unha plancha que está en perigo de desprenderse, retírase esa plancha, non se fai un proxecto de consolidación

que leva o seu tempo tramitalo, o seu tempo adxudicalo e o seu tempo a execución da propia obra. Son dúas situacións totalmente diferentes, a urxencia empregando a Lei do Solo por perigo, e elaborar un proxecto que non foi consultado con Patrimonio, nin por certo, con ningún dos grupos que estaban na corporación naquel momento, porque tampouco pasou por comisión de forma legal, obviamente empregando as súas competencias. En segundo lugar, bueno eu creo que non é a primeira vez, é recorrente no Partido Popular, intentar desacreditar as empresas ou os técnicos contratados por este concello e intentar desacreditalos en función de que a súa profesionalidade está en entredito porque fan o informe que lles manda a alcaldesa, eu creo que eso ten un risco e xa llo dixen algunhas que outras... que outras veces, sean contratados ou non polo concello, sexan persoal ou non do concello, os técnicos fan os seus informes. En todo caso xa llo dixen en aquel pleno, o redactor deste informe de maio, que por certo non saíu en campaña electoral, a alcaldesa non o utilizou en campaña electoral, o redactor dese informe en maio ao que vostedes tiveron, ao que vostedes tiveron acceso porque reciben cada luns... o resumo do que entra por rexistro... dí o que dí e non está feito en función do que dí a interventora, perdón, a alcaldesa municipal, se non que o fixo o redactor do proxecto de consolidación do Cine Zárate e polo tanto era a persoa mais adecuada para facer ese informe, pero bueno ao mesmo tempo nese entorno, xa o dixen antes, vostedes tamén puxeron en dúbida a valoración das parcelas e todo traballo que non...que se fixo de forma profesional... creo que nunca ningún grupo municipal puxo en dúbida ningún dos traballos que fan os técnicos, ben sexan municipais ou os técnicos contratados polo concello, a súa profesionalidade é unha moda, eu creo perigosa, que implantou o Partido Popular, ademais polas consecuencias que pode ter de ir acusando de pouco profesional ou nada profesional aos técnicos ou empresas que contrata este concello. E despois, xa por último, ... non digo que vostede faga os informes de patrimonio, faltaría mais, igual que a alcaldesa non fai os informes nin dos técnicos municipais nin do persoal que contrata... eu creo que me entendeu perfectamente, estamos falando das xestións non das declaracións, da preocupación que sinte este goberno por las xestións que fai o Partido Popular ante determinadas institucións, porque se ben é certo, é certo, que patrimonio ten moito traballo, ben é certo que a solicitude de informe dunha memoria dende marzo, pois é cando menos, eu creo que preocupante que patrimonio cando resolveu moitas solicitudes presentadas polo concello moito mais tarde que a memoria que presentou o propio concello, a día de hoxe careza do informe, ... eu creo que eso é algo que nos preocupa que a Dirección Xeral de Patrimonio non emitira o informe que estou segura que o vai a emitir en estos días e que polo tanto teñamos todo o necesario para poder debatir sobre o futuro do Cine Zárate que, como volvo a insistir, se o presuposto da obra supera o dez por cento do presuposto terá que vir a pleno e será o encargado de ditaminalo e polo tanto terá que pasar previamente por unha comisión. En todo caso na comisión o que se ditamina son proxectos, non son intencións, non son ideas, non son palabras, e se ... ditaminan proxectos que logo despois ao pleno terán que vir con todos os informes técnicos necesarios... Nosoutros cremos firmemente que Mugar dos necesita un auditorio pero non necesita unha caixa desastre dun conxunto de actividades, dende o magosto, porque eu creo que se debería de explicar, que nese informe de intervención, digo da arquitecta municipal o que hai é unha sala aberta que non levaría butacas que son cadeiras de quita e pon, donde estaría contemplado unha ludoteca, onde se fai referencia que alí se poderían celebrar os carnavais, bueno todo o mais alonxado ao que poder ser un auditorio que de cumprida aspiración que teñen os mugardezes por ter unha zona onde poder desfrutar da

cultura. E dito esto... bueno eu creo que xa o dixen por activa e por pasiva, cando chegue o informe de patrimonio irá a comisión igual que foi a memoria que se enviou e polo tanto alí e donde se terá que debatir el, el futuro del Zárate incluída a propia financiación para a súa execución durante esta corporación, e despois terá que vir a pleno para su decisión final. Ten a palabra o ponente se quere pechar.

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) Vale, pois mire... hai unha cuestión que vostede coñece, que eu evidentemente teño que poñer aquí en entredito, porque a manipulado... intentou manipular o debate, e o sabe, porque intentou manipular o debate?. Pois por unha sinxela razón, vostede dixo que eu fixen o que fixen cunha protección do Cine Zárate. Vostede sabe que eu cando eu fixen iso o Cine Zárate non tiña ningún tipo de protección, o sabe, non so iso, en toda a vida e toda a historia de Mugaros nunca se lle catalogou ao Cine Zárate, nunca, é dicir eu non tiña que pedirlle a patrimonio nada porque patrimonio non tiña responsabilidade sobre o Cine Zárate porque non había ningunha catalogación do Cine Zárate, e vostede quixo votar as sospeitas sobre min porque hai xente nova aquí, probablemente non teñen porque saber esta información, pero vostede manipulou dunha forma, non sei se por ignorancia, ou o fixo... eu creo que por ignorancia non, eu creo que o fixo adrede pero eu tamén teño algunha experiencia e a coñezo de sobra sra. Díaz, e polo tanto vostede votoume a culpa de ter que pedir un permiso a patrimonio cando patrimonio non ten nada que ver co Cine Zárate porque non o tivo nunca.. sra. Díaz. Entonces todo o discurso a partir de ahí e como un castelo de naipes, se lle desfixo completamente en medio minuto de intervención, fíxese vostede, me tenía que pedir eu a patrimonio por unha catalogación que non existía, curioso sra. Díaz ese proceder, logo claro manda vostede correos electrónicos as distintas administracións crendo que ese é o proceder que debe de facerse nos seguintes. Non sra. Díaz el procedemento non é así, non se pide a patrimonio autorización para algo que non ten ningunha protección por patrimonio, apúteo ahí que xa vexo que está apuntando todo o que digo, está moi ben que colla apuntes porque é bon que aprenda todos os días e en todos os plenos, e que aprenda de quen... Hoxe non lle saíu o tiro por onde vostede quería. En todo caso, e xa dito a xente que se incorpora á política, non tiña que pedir ningún permiso a patrimonio porque patrimonio non tiña nada que dicir, eu creo que quedou aquí perfectamente claro, vale?. Ben, segundo cuestión... por certo a catalogación foi cando vostede era goberno non cando eu era goberno, e o fixen eu non vostede. En todo caso tamén fixo vostede.... eu non puxen nunca en entredito o traballo dos traballadores municipais nin de ningún, vostede sí, porque encargar a un traballador externo, un tema externo en vez de aos propios traballadores municipais deixa vostede entrever que non están capacitados para facer o traballo que deben de facer. Non son eu quen descataloga o traballo dos propios técnicos municipais, é vostede cando evidencia que non quere que sexan os propios técnicos municipais os que fagan o traballo que deben de facer, por que será señora Díaz que non quere pedirlle a os seus propios técnicos que fagan o traballo municipal, que por certo, non nos vale cartos, e encargar un proxecto ou outro si nos vale cartos. En todo caso, fai vostede alusión a un montón de cousas, intentando embarullar o debate, votar unha cortina de fume ahí, me dixo vostede que eu intentei embarrar o tema da compra de terreos ahí, por certo compramos terreos ahí, ahí que non hai edificios a mil metros, a mil euros o metro cadrado, fíxate, como a milla de ouro de Madrid, os compramos a mil, e sabe por que?. Porque en algúns dos informes, e está non é cargar contra ningún técnico, é simplemente valorar as

cousas que se fan, sigo esperando a saber onde está o centro de día de Mugardos que se reflectía nesa peritación, porque para valorar os terreos se decía que había un centro de día ao lado, eu desconozco onde está o centro de día de Mugardos. E tamén se decía e o Rexistro da Propiedade de Mugardos que estaban presentes nas taxacións, está o centro de día, non hai ningún centro de día señora Díaz, vostede non lee os propios informes que encarga, non hai ningún centro de día en Mugardos. Non se pode taxar unha propiedade decindo que existe cousas que non existen ao lado do ARI, debería revisarse, non se fixo e vostede sabe porque non se fixo, bueno, en todo caso non quero entrar ahí, eu o que quero é debater sobre o Zárate e non sobre os texemanexes que fai vostede cos terreos do lado do Concello. O que digo é o que xa dixeran antes, vostede aludiu que vostede non tiña uso partidista, dixo que aquí o Cine Zárate era simplemente un tema, pois mire vostede para non ter uso partidista, pois mire o día 3 de maio do ano 2019 sale vostede aquí cunha señorita que parece ser de Reganosa. Reganosa respalda la conversión del Cine Zárate en biblioteca, a xunta estudia o proxecto de rehabilitación, a empresa destinará ata 500.000 euros en tres anos. E vostede está pensando nunha rehabilitación e buscar fondos e xa os ten 500.000 euros, 3 de maio non era campaña pero casi, 3 de maio. Quen fixo uso partidista señora Díaz del Cine Zárate, saliulle rendible, dunha ruína que tiñan vostede, dunha praza que ia a farcer alí, de repente dixo vostede oh pero se podo sacar rendibilidade política desto. E Reganosa esa que quere vostede coas cacerolas todos os meses eh? derribar, fíxese vostede lle foi aliada na campaña electoral, fíxese vostede eh, non me fale vostede mais de usos partidistas señora Díaz, non me fale de partidista, que por certo a paradoxa é que a propia Reganosa lle faga a vostede a campaña electoral, pero en todo caso... non se trata de uso partidista, está acreditado que nosoutros non fíxemos un uso partidista, vostede si fixo uso partidista. Onde está o convenio de 500.000 euros con Reganosa señora Díaz e empresarios?, quero... non o vin, se hai alguén aquí que vira ese futuro tema de 500.000. Non dixeran que non exista dixeran que non o vin, e eso debería de ir como mínimo a unha comisión...

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Pásollo eu se quere...

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di)... habería que ir a unha comisión e vostede debería de informar á corporación, cousa que non fixo vostede tampouco, nunca informou dese... dese... previsible acto de tema, por que?. Porque era un tema partidista claro, porque se non debería decir... compartir vostede un logro tan importante para este concello salvo que vostede tivera outras pretensións con ese dato. Bueno, en todo caso, esperemos que nos próximos días se concrete xa esos 500.000 euros de Reganosa, porque seguro que a Reganosa lle da igual que sexa auditorio que biblioteca, pois xa ten vostede 500.000 mil, mire vostede xa avanzou bastante. En todo caso eu xa non teño nada máis que engadir ó dito, xa dixeran o que había que dicir, eu creo que Mugardos ten que dar un paso adiante respecto a definir o uso de ... dar, porque si non o definimos nós vaino definir ela, polo tanto eu négame a que a Sra. Díaz ..defina e... cuestións que primeiro son ruínas, que logo as quere demoler con un proxecto de demolición que xa está acreditado e que pode ver na páxina web municipal, e que, despois parecer ser que .. agora lle importa. Bueno, en todo caso, nos quixéramos que, en todo caso, e.. como mínimo se tomen as decisións coa corporación, coa corporación, que era o que vostede pedía cando era oposición, pero de iso xa non se acorda, e polo tanto, o que pedimos é que en todo caso, e... sexa participe a propia corporación das decisións sobre un

edificio protexido, menos mal, e que debería ser impulsado e consensuado, e que conte pois para o futuro de Mugar dos, e non estar utilizando o cine Zárate e.. a capricho persoal, se non a capricho de unha Corporación, e en todo caso, debería ser quen tome a decisión.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Vale pois sometémolo a votación entón, votos a favor da moción do Partido Popular..., votos en contra...

4.- MOCIÓN DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A MELLORA DA FACHADA MARÍTIMA DE MUGARDOS.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular sobre a mellora da fachada marítima de Mugar dos, e o Concello Pleno, por por 5 votos a favor (5 PP) e 6 votos en contra (3 EU-SON-EN COMÚN, 2 PSOE, 1 BNG), acorda rexeitar a devandita moción.

OBSERVACIÓN: (Faise constar que neste punto se ausentaron da sesión a Sra. Alcaldesa e o 1º Tenente de Alcalde, como logo se verá)

DELIBERACIÓN

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Pasamos ao seguinte punto que sería a moción do Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular sobre a Mellora da Fachada Marítima de Mugar dos. .. Juan Domingo.

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) ...gracias, bueno a segunda moción que temos aquí tamén se trouxo no seu momento, é sobre a mellora da fachada marítima de Mugar dos, e en concreto pois e...recoñecer que efectivamente hai un problema, problema de, de, de...actuación, de actuación sobre a fachada marítima, en canto que a pasarela de madeira e.. como a Casa do Reloxo son elementos fundamentais para a nosa fachada marítima, polo tanto, entendemos que deben tomarse decisións, e..diciá aquí, e diciá creo que con bo criterio, o voceiro socialista anterior, da corporación anterior, que independentemente das competencias que tivera cada cal, debería facerse unha actuación de urxencia ante un tema de urxencia. Vostedes mesmos ante un estudio do propio, bueno estudio non, de unha propia empresa que traballaba coa madeira e ante esa revelación de que podía haber algún e...algunha madeira que se movera no paseo marítimo, vostedes actuaron de urxencia, mira si actuaron de urxencia que convocaron unha xunta de voceiros urxente, con unha urxencia de que había que actuar de todo con urxencia, pero a verdade é que a única urxencia é que se tardou un mes en valar, a urxencia, o sea que non entendemos porque era tan urxente cando non se valou no seu día, e unha vez valado, aí quedou, xa non volvemos a saber nada do paseo marítimo, independentemente do que diciá antes, son obras de urxencia, díxenllo antes independentemente da, de que vostedes teñan as súas cuestións...de, de de malo de Portos, vostedes sempre están aí coa batalla de portos porque lles sae moi rendible tapar os seus problemas de xestión, entón Portos ten a culpa de todo e entón...paseo marítimo, bueno, e...é obvio que eu xa lle, nos xa lle dixemos no seu momento, cales eran as cuestións e.. que había,

vostedes recoñecen o convenio que se firmou con Portos o ano 2004, a vinte e cinco de novembro do 2004 onde figura o convenio de colaboración entre o Ente Público Portos de Galicia e o Concello de Mugardos, vale, co entón alcalde Sr.Barcia, e aquí debería de ser, eu creo que os convenios serven para definir en certa medida, as responsabilidades e as obrigas de cada cal, parece ser que non é así, e aquí defínese uns Esquerda Unida, outros o Alcalde no seu momento e o presidente de Portos, defínese que e.. entre as obrigas e os compromisos de Portos de Galicia pon que a intervención do Concello de Mugardos non é de dominio público portuario, non emprega a perda de facultades de xestión, ta,ta,ta nin cambio de titularidade, Portos de Galicia licitará, executará e aboará as obras do proxecto de acondicionamento do vial de Mugardos, ta, ta tal. Ben, comisión de seguimento, en canto ó Concello, obrigas, compromisos do Concello, fíxese, ten dúas follas, unha folla e media, pero di algúns: o Concello de Mugardos asume o custe de conservación, mantemento e limpeza e no seu caso mellora das obras de acondicionamento dos espazos libres do Porto de Mugardos e a licitación, contratación e execución das obras necesarias para tal efecto, ademais de manter as adecuadas condicións de limpeza e hixiene, reposición de elementos engadidos, danados, extraviados ou roubados das obras licitadas unha vez estean rematadas, o Concello deberá asumir, ademais de todo iso, manter a rede de saneamento, alumeadado público, condutores, farois, luminarias, tomas, consumos eléctricos, instalacións de alumeados, mantemento e reposición de mobiliario urbano, bancos, fontes de auga potable, papeleiras, reposicións en edición viaria, vertical como horizontal, obras de coidado e mantemento das zonas axardinadas, mantemento e reposición dos distintos firmes e pavimentos, todo iso, e ademais di: Calquera obra de reparación, conservación e mellora que o Concello de Mugardos pretenda levar a cabo no vial esixe a conformidade previa do Ente Público Portos de Galicia, porque ía Portos de Galiza pedirlle ao Concello a conf... que pida a conformidade a eles si a titularidade fora deles? E dicir, si o Porto e meu, e o paseo e meu, eu voulle pedir a conformidade a vostede para facer algo que está no meu terreo?, é un pouco raro, verdade? ten mais sentido si é do Concello de Mugardos, porque entón claro ten que pedirlle a conformidade a Portos de que iso pois, cadra con porto. Iso sería máis lóxico, non, pensar de que, claro, si eu non son o titular, si eu son o que teño que mantelo e quero facer unha obra pois que lle diga a Portos que vou facer unha obra, onde? onde teño a obriga de facela, iso ten máis sentido, sen embargo si vostedes teñen aquí, si ven vostedes os compromisos de de de ente, de Portos non ven ningún compromiso, só o de pagar, non é certo? Ata un máximo de un millón cento setenta e un mil douscentos cincuenta e dous con cero oito euros. Pagou? Entregouse a obra? Certificouse? Asumiuna o Concello? Quen debe facer as obras? Por certo, aquí no convenio tamén ven unha comisión de seguimento no punto cuarto. Dentro de quince días, ta ta ta, non sei que, comisión de seguimento está enterada por.... Si vostedes tiñan algún problema coas competencias que teñen sobre este tema convocaran vostedes a comisión de seguimento, o díganovostedes, que hai unha, agora hai un cambio de criterio respecto as obrigas que temos con eles, pero en todo caso, independentemente das competencias que teñamos ou non, que me parece moi ben que vostede lle queira pasar o mochuelo das obras a Portos, a min paréceme perfecto e, hai unha cuestión, a xente sigue tendo problemas con ese, con esa zona valada, e o outro día caeuse unha persoa que xa sabe vostede quen é, porque xa falou con vostede, polo tanto eu creo que a sinalización pode ser mellorable, moi mellorable de feito de noite non hai ningún tipo de iluminación, eu creo que a valla si vamos pola norma, non cumpre efectivamente a normativa vixente en cuestión de valado de seguridade Sra. Díaz,

ao mellor aí podemos facer un pouco máis, pero en todo caso cando se vai arranxar isto? Si Portos di que hai un convenio asinado e que vostede asuma as súas responsabilidades, mentres tanto os mugardeses temos que esperar alí a que haxa outro accidente?, esa é a pregunta que fago eu, polo tanto o que nos dixemos e que dixo vostede tamén, moi ben, fagamos primeiro o urxente e logo pídamos si quere pasar vostede a factura a Portos, pásella, pero hai que facer algo, porque o paseo vaise deteriorar de non facer nada, de feito xa existe fauna alí, fauna non, pero flora desde logo moita, e dá un aspecto moi, moi moi feo á imaxe de Mugardos, polo tanto nos pedímoslle: primeiro, que se mellore esa visibilidade, esa esa seguridade de esa vala, segundo que se adopten as medidas oportunas para que se arranxe ese paseo e que se faga con urxencia, estamos falando de fai meses que está iso así e polo tanto eu creo que non temos que esperar máis. Bueno, a moción, en todo caso, sirve para que intentemos adoptar esas medidas. A primeira adoptar esas medidas de urxencia necesarias para arranxo do paseo marítimo. Dous retomar con Portos a adhesión da casa do Reloxo ao Concello de Mugardos para uso e desfrute dos veciños, e.. realizar un plan de mantemento da fachada marítima de Mugardos no que veña recollido as obrigas de Portos de Galicia e o Concello de Mugardos. Aproveite a reunión que ten vostede coa Presidenta de Portos, para facerlle esta cuestión e que quere aclarar as competencias de cada cal e en todo caso, ben, nada mais, simplemente intentar que a Casa do Reloxo se converta tamén en patrimonio dos mugardeses que podamos desfrutar e que non sexa tampouco unha pila de escombros como vostede pretendía e como incluso como o propio paseo marítimo que tamén pretendía tirar vostede, bueno, vostede cando non ten unha solución para algo a solución máis fácil e tiralo. Nós cremos noutro tipo de política que é a de conservar, conservar é en todo caso facer o que pode ser un porto bonito para Mugardos, facelo, conservalo, mantelo e facelo seguro para os nosos veciños.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Abrimos un primeiro turno de intervencións. Gemi

Sr. Varela Filgueira: Si, bueno e.. esta moción fala fundamentalmente de dúas cousas: do amaño do paseo de madeira e da casa do reloxo. E...nos creo que na lexislatura, bueno pero non, na lexislatura pasada xa votamos en contra de unha moción que veu de para e...sobre o paseo de madeira, aínda que entendíamos perfectamente o balado do paseo de madeira para garantir a seguridade cidadá, pero tamén entendíamos que ese balado non podía ser eterno e que igual quen tiña que realizar as catas e a actuación era o Concello de Mugardos, a pesar de que eu estaba convencido e sigo estando de que é unha actuación de tipo estrutural, pero tamén é certo que a día de hoxe xa non estou tan seguro de que o Concello de Mugardos teña que levar a cabo estas obras e o digo fundamentalmente porque levamos a cabo non hai moito unhas obras no colexio do Seixo onde gastamos unha serie de cartos e os tres días decidiu pechalo a Xunta de Galicia, entón tampouco estou moi seguro de que agora vaíamos gastar estes cartos e os tres días veña Portos ou a Xunta de Galicia e decidan pois levantar o paseo, por iso digo agora xa non estou tan convencido. En canto á Casa do Reloxo, vou a ler literalmente: O Goberno galego non ten elaborado ningún proxecto construtivo para a rehabilitación da Casa do Reloxo polo momento, pero si ten estudado esta posibilidade en base a petición trasladada no seu día polos representantes municipais de Mugardos. Dito proxecto está supeditado a súa viabilidade técnico administrativa e prioridade económica. Isto coas palabras normais, as palabras de.. da xente da rúa quere dicir que Portos

de Galicia non ten previsto realizar ningún tipo de actuación na Casa do Reloxo i eu dende aquí négome a que o Concello de Mugar dos vaia a investir nin tan sequera un só euro en unha infraestrutura que non lle pertence.

Sra. Alcaldesa: José Angel

Sr. Martínez Bardanca: (que traducido di) En... bueno no sentido da.., de adoptar as medidas de urxencia necesarias para pa para retirar as vallas e que o peirao se poida utilizar, que o paseo se poida utilizar correctamente, evidentemente creo que estamos todos de acordo, que non haberá ningunha dúbida en isto, e... tomamos nota tamén do tema da da visualización, digamos da valla, pediremos que que se vexa outra posibilidade de, de digamos de colocar a valla ou que a valla estea instalada mentres mentres sexa necesaria, para que sexa máis visual ou para que se eviten estes problemas, estas caídas que houbo como esta que comenta do último día. E..en canto o tema de del do que é a cesión da Casa do Reloxo, nós solicitamos durante a lexislatura anterior que se bueno, que se manteña a Casa en condicións óptimas, que bueno pois é unha zona de paseo e de disfrute dos mugar deses e a Casa do Reloxo pois non está en condicións correctas e a cesión no se ha cedi, non a cedeu en este momento, entendemos que a cesión sería para uns usos moi determinados e que non, non houbo ningún interese por parte do Concello en solicitar a cesión ata a data, que nos saibamos, pero bueno nos o que queremos e que se arranxe a... o edificio e así como como o tema da pasarela tamén queremos que se arranxe, que e entendemos que si efectivamente hai algún problema para que Portos faga esa reparación pois haberá que tomar algunha medida de urxencia para que quede reparado e para que poida ter un uso, un uso normal por iso.

Sra. Alcaldesa: : (que traducido di). Perdoar un segundo, eu téñome que ir e... e o primeiro tenente alcalde tamén, e... Genaro

INCIDENCIA: Faise constar que neste momento, sendo as 10.00 horas, auséntanse da sesión plenaria a Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dna. María del Pilar Díaz Otero, e o 1º Tenente de Alcalde, D. José Ángel Martínez Bardanca, por mor de asistir a unha xuntanza, pasando a presidir a sesión o 2º tenente de alcalde D. Genaro Prieto Iglesias.

Sr. Prieto Iglesias : Ben seguimos, abrimos un segundo turno de palabras. Argemino

Sr. Varela Filgueiras: Bueno nos, nos simplemente ratificar o que xa dixemos antes, que non estamos dispostos a que o Concello vaia a gastar cartos de todos os mugar deses na Casa do Reloxo, non lle pertence, o que si, podería ser, que estaríamos dispostos é.. a contemplar unha cesión definitiva de da Casa do Reloxo ó Concello de Mugar dos, sempre e cando esa cesión fora coa rehabilitación feita, ou incluso unha cesión temporal dependendo de do período de cesión, está claro que un período de cesión corto pois tampouco interesaría, e sempre e cando, digo, as actuacións para a rehabilitación da Casa do Reloxo as faga Portos.

Sr. Prieto Iglesias: Juan Domingo..

Sr. de Deus Fonticoba: : (que traducido di) Bueno, a ver, e.. vaiase a aclaracións, en todo caso, no punto segundo dise retomar con Portos a cesión da Casa do Reloxo, e dicir, que no la ceda polo máximo legal, obviamente, e logo a titularidade, polo tanto non estamos pedindo solo a cesión da Casa do Reloxo, estamos pedindo absolutamente todo, se non queda claro en todo caso se pode retocar ese acordo pero en todo caso e...é evidente que a cesión da Casa do Reloxo non se vai pedir por dous anos cando hai que facer unha inversión nel despois do máximo de.. que permita a lei e en todo caso sen renunciar á titularidade do inmovible, como é evidente, nos en todo caso porque o PSOE dixó que non se fixera no seu día ningún interese polo Concello, nos si pedimos isto a Portos de Galicia no seu momento, e pedimos precisamente iso e demos un plan de usos alí, pasóuselle o que se quería facer en esa Casa do Reloxo e e pediuse tanto a cesión que creo que era cincuenta anos, creo recordar, non o sei agora mesmo si eran cincuenta, creo que si, e da titularidade que nos dicía que tardarían moito, nos dixemos nos non temos presa, pero a titularidade si se pediu no seu momento, bueno déronlle largas, porque e ..é verdade que e... pois non estaba moi receptivo por aquel entón, pero en todo caso as cousas cambias e hai que insistir e polo tanto, bueno e salvo, e sobre cuestións de de investir diñeiro en cesións este propio Concello pediu a cesión da casa de Bello Piñeiro para investir diñeiro público nela e... pedimos cuestións, Moeche e.. ten o castelo e...tamén cedido e uso e desfrute dos veciños e inviste diñeiro público nel, precisamente, están...

Sr Varela Filgueira: Para que o final sexa da Casa de Alba

Sr. de Deus Fonticoba: (que traducido di) pero o desfrute non o fai a Casa de Alba, a que fai son os veciños de aquí.

Sr. Varela Filgueira : probablemente maña hai un convenio....

Sr. de Deus Fonticoba: (que traducido di) Bueno ,en todo caso, e...a cesión de Bello Piñeiro tamén, e dicir, si se vai fai unha inversión alí e.. tamén vai reverter no Arzobispado, e dicir que significa iso, que mellor ter unha ruína ali que dar un uso polos cincuenta anos, pois eu creo que hai que dar un uso a todo o que se poida dar un uso, e en todo caso, e...bueno en todo caso, e...a cuestión de interese e.. que eu creo que pedir a titularidade da Casa do Reloxo eu creo que é unha obriga do Concello, que Portos non queira facer nada nel, bueno precisamente, pois se non quere facer nada nel que sexa o Concello de Mugardos o que queira tomar esa iniciativa de facer algo alí, polo tanto solo pode pasar por pedir a titularidade, primeiro a cesión e a titularidade do inmovible, e por outra parte e...loxicamente pois e...adoptar as medidas de urxencia necesarias para ese arranxo e eu creo que aquí pouco que discutir, si estamos de acordo en que non ocorra ningún outro accidente hai que tomar medidas de urxencia e logo discutir con Portos calquera cuestión que queiran vostedes debater alí, pero en todo caso, mentres vostedes discuten a xente ten accidentes e logo as consecuencias as paga o Concello de Mugardos e eu creo que debemos de ter e.. esa responsabilidade de que é un paseo marítimo, non se trata de facer o Escorial nin de nin de arranxar non sei e... calquera outra cosa, polo tanto, e.. eu creo que temos que tomar un acordo rápido, e mellorar entre outras cousas non só a seguridade, senón a horrible imaxe que estamos dando como Concello

a todos isos veciños e turismo que veñen a Mugar dos e que ve que as plantas saen polas madeiras, eu creo que é unha pésima imaxe para vender e... a marca Mugar dos desde logo.

Sr. Prieto Iglesias: Ben, cerras, ben sometémolo a votación, votos a favor...en contra...

5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS.:

-871/2019: INTEGRANTES DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

-873/2019: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MEMBROS DA CORPORACIÓN.

-874/2019: CONCELEIROS DELEGADOS - DELEGACIÓNS ESPECÍFICAS.

Sr. Prieto Iglesias: O seguinte punto: dar conta das resolucións da alcaldía núms.: 871/2019: Integrantes da Xunta de Goberno Local, Tenentes de Alcalde e Delegación de Competencias na Xunta de Goberno Local, a núm: 873/2019: Delegación de competencias en membros da Corporación, a 874/2019: Concelleiros delegados – delegacións específicas.

O Pleno da Corporación dase por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 871/2019, de 13.08.2019,** sobre nomeamento de integrantes da Xunta de Goberno Local e Tenentes de Alcalde, delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local e fixación do día e hora de realización das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local

▪ **Resolución da alcaldía núm. 873/2019, de 13.08.2019,** sobre delegación de competencias nos membros da corporación municipal.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 874/2019, de 13.08.2019,** sobre nomeamento concelleiras/os delegadas/os da Alcaldía – Delegacións Específicas.

6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS: NÚMS. 808/2019, 826/2019, 861/2019, 878/2019, 882/2019, 884/2019, 885/2019, 886/2019, 887/2019 E 889/2019.

Sr. Prieto Iglesias: O punto 6: dar conta das resolucións da alcaldía sobre avocación de competencias núms.808/2019, 826/2019, 861/2019, 878/2019, 882/2019, 884/2019, 885/2019, 886/2019, 887/2019 e 889/2019.

O Pleno da Corporación dase por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 808/2019, de 19.07.2019**, sobre avocación de competencias pola Alcaldía, adxudicación da actuación musical; Rock and Ríos Band. Tributo a Miguel Ríos; o día 20 de xullo de 2019.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 826/2019, de 29.07.2019**, sobre avocación de competencias pola Alcaldía, aprobación de licenzas de obras.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 861/2019, de 09.08.2019**, sobre avocación de competencia pola Alcaldía, aprobación de certificacións núm. un (1), dous (2) e final, facturas e acta de recepción da obra: Humanización da Rúa María EXPTE. 2018/C003/000009.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 878/2019, de 14.08.2019**, sobre avocación de competencia pola Alcaldía e concesión de anticipo reintegrable ao persoal. Solicitude núm. 07/2019.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 882/2019, de 20.08.2019**, sobre avocación de competencias pola Alcaldía – Prórroga da lista para a provisión temporal de postos de traballo no Concello de Mugar dos na categoría de auxiliar de axuda no fogar (4ª actualización) e concesión de permisos a empregadas do servizo de axuda no fogar e acordo de contratación de substituta.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 884/2019, de 21.08.2019**, sobre avocación de competencias, levantamento de reparo suspensivo e aprobación relación contable de facturas núm. F/2019/16.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 885/2019, de 21.08.2019**, sobre avocación de competencias, levantamento de reparo suspensivo e aprobación relación contable de facturas núm. F/2019/34.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 886/2019, de 21.08.2019**, sobre avocación de competencias pola Alcaldía – Acordo de contratación por acumulación de tarefas, de 1 auxiliar de axuda no fogar a tempo parcial.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 887/2019, de 21.08.2019**, sobre avocación de competencias pola Alcaldía - Concesión de permiso a empregadas/os municipais.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 889/2019, de 22.08.2019**, sobre avocación de competencias, levantamento de reparo suspensivo e aprobación relación contable de facturas núm. F/2019/35.

DELIBERACIÓN

Sr.Prieto Iglesias: É dar conta, pero pero é dar dar conta.

Sr. Mahía Prados: Tamén se permite intervencións nos puntos de dar conta, Pilar de feito, deixame facer as intervencións en dar conta das Resolucións das Alcaldías.

Sr. Prieto Iglesias: Pero esto é dar conta.

Sr. Mahía Prados: Bueno, senón fágoo no turno de Rogos e Preguntas, como queiras.

7.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO 2018.

Sr. Prieto Iglesias: Punto 7.- Dar conta da liquidación do Orzamento do 2018.

O Pleno da Corporación dase por informado da liquidación do orzamento do exercicio de 2018, segundo documentación obrante no expediente, a cal foi aprobada pola Resolución da Alcaldía núm. 429/2019, de data 17.04.2019, tal e como de seguido se relaciona:

“Asunto: APROBACIÓN LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2018.

Rematado o exercicio económico de 2018, e unha vez elaborados os estados demostrativos relativos á liquidación do Orzamento do exercicio de 2018 seguindo os principios e normas recollidos na Instrución de contabilidade vixente, e con suxeción ás normas previstas nos artigos 191 a 193 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e 89 a 105 do Real Decreto 500/1990

Visto que se procedeu pola Intervención a emitir informe sobre a liquidación do orzamento 2018, no que se alude aos estados que a compoñen, e as magnitudes que en virtude de éstos se determinan, con data 17.04.2019.

Visto que se emitiu o Informe de Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e o informe de avaliación da regra do gasto, e do límite da débeda con data 17.04.2019.

E visto que segundo o disposto no artigo 191.3 do TRLRFL e no 90.1 do RD 500/1990, a aprobación da liquidación corresponde o/a alcalde/sa, previo informe da intervención, resolvo:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do orzamento do Concello de Mugar dos correspondente ao exercicio de 2018, que ten os seguintes resultados:

<i>1. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS</i>	<i>6.706.218,52</i>
<i>2. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS</i>	<i>6.720.699,87</i>
<i>3. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO(1-2)</i>	<i>-14.481,35</i>
<i>4.CREDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (+)</i>	<i>857.609,24</i>
<i>5. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN NEGATIVAS DO EXERCICIO (suman)</i>	<i>511.736,22</i>
<i>6. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN POSITIVAS DO EXERCICIO (restan)</i>	<i>512.881,93</i>
<i>7. RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (3+4+5-6)</i>	<i>841.982,18</i>

FONDOS LÍQUIDOS		2.797.507,68
DEREITOS PENDENTES DE COBRO		1.902.348,95
+De orzamento corrente	452.766,58	
+De orzamentos pechados	1.339.108,06	
+De operacións non orzamentarias	110.474,31	
-OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		1.020.951,72
+De orzamento corrente	378.926,02	
+De orzamentos pechados	362.815,22	
+De operacións non orzamentarias	279.210,48	
PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN		-367.268,23
- Cobros realizados pdtes. de aplic.definitiva	406.373,58	
+Pagos realizados pdtes. de aplicación definitiva	39.105,35	
=REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL		3.311.636,68
-SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		1.078.530,21
-EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA		135.677,35
=REMANENTE DE TESOURERÍA. PARA GASTOS XERAIS		2.097.429,12

Segundo.- Dar conta á Comisión Informativa correspondente e ao Pleno na primeira sesión que se celebre trala aprobación da citada liquidación.

Terceiro.- Remitir copia do expediente á Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma

Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa.”

8.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM. 818/2019 Á 889/2019, AMBAS INCLUSIVE.

Sr. Prieto Iglesias: Punto 8.- Dar conta das resolucións ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario: Resolucións núm. 818/2019 á 889/2019, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da Alcaldía núms. 818/2019 á 889/2019, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Prieto Iglesias: Punto 9.- Rogos e preguntas.

Sr. Varela Filgueiras: Eu non, non teño preguntas, porque como dixen estou nos cen días de cortesía ao goberno municipal, pero eu si teño uns rogos que creo que van a volver a ser repetitivos, fundamentalmente o fixen no pleno pasado que era o de e.. tratar de cambiar o o contedor de lixo de Casas Baratas, unha porque está roto, outra porque non ten tapa e aquilo empeza a ser un foco de infección tanto de gatos como de gaivotas e me imaxino que de ratas, e despois bueno, vou a facer o que xa facía na lexislatura pasada, pero esta vez xa vou a prescindir das vallas porque como ningún me da explicado nin me daba explicado na

lexislatura pasada nin nesta que é o que pasa con esas vallas pois solo vou a facer o rogo de que por favor se retiren de unha vez por todas os cascallos de da rúa Contramaestre Casado, os que están alí na beirarrúa e levan alí mais de dous anos, entón si fora posible pois retiralos.

Sr. Prieto Iglesias: Juan Domingo...

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) e.. Bueno e.. dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita. A primeira de resposta oral. e.. á Alcaldesa e.. Quen é o concelleiro de obras? e a segunda. Cantas reunións do goberno de EU e o PSOE realizaron nos últimos dous meses e que temas se abordaron nelas?

E das de resposta escrita: tamén a Alcaldía que valoración fai da cesión por parte da Xunta de Galicia da motobomba do Ges a pesar dos seus propios esforzos en querer perdela non cumprindo cos trámites previos para tela en propiedade. E a segunda tamén a alcaldía ten previsto realizar algún plan municipal contraincendios?

Sr. Prieto Iglesias: Nas nas resolucións que hai está perfectamente claro quen é o alcal... quen é o concelleiro de obras e as reunións, as reunións do grupo de goberno fai as que considere oportunas. Ben, Jorge Manuel Kuntz Peiteado.

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) A pregunta, quero unha resposta, están feitos a alcaldía, si a alcaldesa non está pois... o alcalde accidental está para algo, ten que responder á pregunta, porque entón si eu son alcalde que fago levántome cando vostedes vaian a preguntar, porque teño que ir o baño. Vostede é o alcalde agora, non, e eu fagolle unha pregunta que non lle compromete non sabe vostede quen é o concelleiro de obras.. como goberno que é, non o sabe?

Sr. Prieto Iglesias: Eu si e vostede tamén, pero vostede tamén, como o sabe pois non lle contesto.

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) Pois dígamo, que lle estou preguntando, non o sei, non o sei, non hai ningunha resolución que dite quen é. Quen é o Concelleiro de obras, eu quero dirixirme ó Concelleiro de Obras, porque teño unha queixa, quen é o concelleiro de obras diste Concello? Quen é? vostede.. acaba de dicir que vostede o sabe, dígamo por favor. Quen é o concelleiro de obras?

Sr. Prieto Iglesias: Manuel Angel Bardanca

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) Quen?

Sr. Prieto Iglesias: Manuel Angel

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) a.. José Angel é o Concelleiro de Obras?

Sr. Prieto Iglesias: O sea José Angel, perdón,

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) a.. José Angel é o concelleiro de obras? vale pois moitas gracias, xa está, mire que non é tan complicado.

Sr. Prieto Iglesias: Jorge Manuel.

Sr. Kuntz Peiteado: (que traducido di) Bos días, ao concelleiro, que son dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita: Unha dirixida ao concelleiro que teña a competencia de obras porque recibín varias queixas dos veciños de Bello Piñeiro de baldosas levantadas e si tiñan pensado realizar algunha labor de mantemento ou de reposición nas mesmas, outra á Sra. Alcaldesa, que cal e o coste do mantemento do céspede ao lado do cine Zárate? e logo dúas de resposta escrita, tamén dirixidas á Alcaldesa de Mugardos que a parte da liquidación e dos contratos que vulneran a Lei de.. de...que denuncia a Interventora no seu informe sobre a Conta Xeral, que máis papeis ten gardados no caixón a costas da corporación?, e outra: A SGAE presentou unha reclamación contra o Concello de Mugardos o día 14 de agosto, que se ten pensado facer?

Sr. Prieto Iglesias: A ver, a primeira vaise facer o mantemento, como corresponde, cada...cando toque, e a segunda pois o coste de mantemento do céspede pois está en, en... cando veña a factura xa o saberemos. Begoña Roldós..

Sra. Roldós Iglesias: (que traducido di) Si. Bos días, teño dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita. A primeira de resposta oral á Alcaldesa de Mugardos e.. como ten pensado solucionar os problemas de ruídos que denunciaron os veciños por rexistro o día 19 de agosto de 2019?. A segunda a concelleira de cultura Dolores González, ou a quen corresponda, cando pasaran o balance dos tickets da festa do polbo pola comisión pertinente? De resposta escrita, a concelleira de cultura: despois de levar practicamente un ano esperando pola convocatoria da comisión sobre o regulamento da escola de música, cal é o motivo polo que non se abordou este tema na comisión? e dous, ó Concelleiro de Benestar, Jenaro Prieto, cal é o motivo polo que non se saca a concurso la empresa que presta horas del servicio de axuda no fogar?.

Sr. Prieto Iglesias: Lola, xa, xa,Lola contesta á segunda.

Sra. González Lorenzo: (que traducido di) Vou a contestar o mesmo que respondín en comisión. Cando o departamento de intervención e tesourería acaben os seus traballos iran a comisión de Facenda e a outra parte irán a comisión de cultura, a resposta é a mesma que a da comisión.. informativa.

Sr. Prieto Iglesias: (que traducido di) e ..A primeira en estes momentos non a podo contestar.

Sra. Roldós Iglesias: Como?

Sr. Prieto Iglesias: (que traducido di) .. a primeira en estes momentos eu non a poido contestar.

Sra. Roldós Iglesias: (que traducido di) Teño aquí o escrito ese se o quere ver.. dos veciños....

Sr. Prieto Iglesias: (que traducido di) Bueno, pero non a poido contestar. Ana M^a Varela Bastida...

Sra. Roldós Iglesias: (que traducido di) Perdón, a.. teño un rogo aparte das preguntas, bueno mais que un rogo é dicir que esta é unha forma de querer contestar a unha pregunta, que foi a do portavoz do grupo municipal do PSOE con unha resposta extensa e un informe policial, e esa é a que me dou vostede que é na liña do pleno de hoxe. Gracias.

Sr. Prieto Iglesias: Ana M^a Varela..

Sra. Varela Bastida: (que traducido di) e..eu teño dúas de resposta oral e dúas de resposta escrita. De resposta oral: ao presidente de Comisión de Benestar Genaro Prieto ou a quen corresponda: Cando ten pensado levar por comisión os expedientes do comedor escolar tal e como lle solicitei no pasado pleno? A segunda; ao Presidente da Comisión de Benestar, Genaro Prieto ou a quen corresponda: Cantas traballadoras titulares do servizo de axuda no fogar se encontrar actualmente de baixa? As de resposta escrita: ao Presidente da Comisión de Benestar, Genaro Prieto, ou a quen corresponda, cal é o motivo polo que non leva o plan concertado valorado en máis de oitocentos setenta e sete mil euros que aportou a Xunta para o servizo á comisión pertinente e o Presidente da Comisión de Benestar, Genaro Prieto, ou a quen corresponda: o catorce de agosto realízase unha comunicación da Secretaría de Estado polo pacto de violencia de xénero e que proxectos se pretende levar a cabo?.

Sr. Prieto Iglesias: Ben, a primeira cando estean os expedientes cerrados, e a segunda seis. José Miguel Mahía...

Sr. Mahía Prados: Ben, eu vou comezar polo, bueno bos días, bos días a todos e a todas, vou comezar polo tema de rogos, que segundo o artigo sesenta do regulamento teño tres minutos, entón e.. dado que se me dixo que non podía intervir no no tema da liquidación vouno aproveitar agora na quenda de, na quenda de rogos, rogaría que, tal e como se di no no informe da da liquidación no ano 2018, na súa páxina 16, no ano 2018, non se cumpre nin o obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio de superávit en termos de capacidade de financiamento, de acordo ca definición contida no SEC, nin tampouco se cumpre coa regra de gasto. O Concello de Mugar dos saltouse o teito de gasto segundo figura na carta, e.. na páxina número 17 en seiscentos sete mil catrocentos corenta e seis coma corenta e tres euros, e dicir, gastaron máis de medio millón, bastante máis de medio millón de euros por riba do que estaba limitado pol... polo Concello. Temos un apercebimento da Xunta de Galicia do día 6 de xuño dicindo que non temos feitos os acordos de non dispoñibilidade de crédito, todo isto que estou dicindo aquí comenteino fai escasos minutos na comisión anterior de Facenda e así mesmo quero facer constar tal e como di no informe da Interventora na súa última páxina que di textualmente: E canto ben teño informar agás e.....voluntaria, non obstante a Corporación resolverá o que estime procedente, vai ser a

Corporación a que asuma as consecuencias do que se teña que resolver dos reparos e da...e da... dos problemas que está habendo cos acordos de non dispoñibilidade de crédito e de non...das modificacións orzamentarias, principalmente esas persoas que conforman os gastos de facturas e levantan os reparos. Máis rogos que teño, hai un, e... metín por escrito e o presentei no pasado pleno e vouno rogar todos os plenos mentres non se faga: segundo o artigo 218 da lei reguladora de facendas locais se establece que ten que vir a dar conta ao pleno todas as resolucións adoptadas polo presidente da entidade contrarias ós reparos efectuados, así como un resumen das principais anomalías detectadas en materias de ingresos. Aquí veñen hoxe varias resolucións da Alcaldía, que son avocación de competencias, en fav...de de José Angel Martínez Bardanca e levantamento de reparo suspensivo para pago de facturas, non veñen na orde do día e teñen que vir. E...aproveitando que está o presidente da comisión de Facenda solicito que a próxima comisión de Facenda que haxa se leven os reparos emitidos de intervención a esta relación contable de facturas que son as resolucións decreto 889/2019 e o 884/2019, e...por último por seguindo cos rogos, e...si, hai unha cousa que...bueno que rogaría, a vista de que se acaba de marchar a Alcaldesa e o 1º Tenente de Alcalde, rogaría que na vindeira ocasión que tiveran unha reunión ou tiveran algo o comentaran a principios do pleno ou o dixeran cando se convoca o pleno, se é posible, para preparar as preguntas, porque seguramente as preguntas que presentamos moitos de nos para este pleno as imos ter que re.. que repetir no no vindeiro pleno para que se nos responda. E agora, as preguntas que teño formuladas son: dúas de resposta oral e.. dúas de resposta escrita. Ao Concelleiro do goberno Martínez a raíz da resposta dada po la por vostede á miña Concelleira no pasado Pleno, sobre cales eran as súas funcións dentro do goberno local e a súa resposta foi: de a que ..a que lle asignen, e.. queríamos saber que función pois desenvolveu no último mes e á Concelleira de Cultura María Dolores González Lorenzo e.. na pasada comisión de cultura vostede respondeume a unha pregunta sobre quen levara a barra da carpa durante as festas e respondeume que foi a única empresa que o solicitou, cal sería o nome de esa empresa? E logo as dúas de resposta escrita que serían: A Alcaldesa de Mugardos, Mª del Pilar Díaz Otero, cal é o motivo porque non saca a concurso todos os contratos menores que están vulnerando a lei de contratación de servizos e subministracións segundo se reflexa no último informe da Conta Xeral do ano 2018 e de novo tamén a Alcaldesa: á vista dos requirimentos da Xunta de Galicia de que elabore vostede un plan económico financeiro por saltarse o teito de gasto en máis de seiscentos sete mil euros, de non haber presentado a elaboración dos os acordos de non dispoñibilidade de crédito e cos cales non podería realizar a maior parte do gasto que está realizando na actualidade, cal é o motivo de que non realizara os trámites que lle solicitou a Xunta dende o mes de Xuño e que é consecuencia do incumprimento da lei de estabilidade orzamentaria?

Sr. Prieto Iglesias: Iván

Sr. Martínez González: Si, bueno, bos días a todos e a todas, e.. ten vostede a mesma resposta que no pleno anterior.

Sr. Mahía Prados: e.. repregunta, repregunta, e.. a.. a que lle asignen, foi a que vostede dou, que se lle asig...,a pregunta e é moi fácil, que se lle asignou, porque vostede está no goberno e entendo que no goberno todos teñen competencias, porque por parte do PSOE

todos os concelleiros teñen competencias e por parte de EU a maior parte, e vostede está dentro do goberno, de feito e..é un dos concelleiros máis mozos dentro do goberno, por iso e.. no ..a prol da mocidade gustaríame saber que funcións realiza vostede dentro do.. de... do seno do goberno pois das áreas que lle competan.

Sr. Martínez González: Xa lle comento que ten vostede a mesma resposta que no pleno anterior.

Sr. Mahía Prados: Grazas pola resposta.

Sr. Prieto Iglesias: Mari ...Lola

Sra. González Lorenzo: Consta no rexistro de entrada do Concello do día 5 de xullo o nome de esa empresa, supoño que xa o lería, si, están no resumo que se envía semanalmente a todos os grupos políticos.

Sr. Prieto Iglesias: Ben, levantamos a sesión.

E sendo as dez horas e vinte e dous minutos do día ó comezo sinalado, polo 2º tenente de alcalde, D. Genaro Prieto Iglesias, que pasou a presidir a sesión tras terse ausentado a sra. Alcaldesa e o 1º Tenente de Alcalde, levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario Accidental, dou fe.

Vº e praxe
A ALCALDESA